

MANIFESTO

MORATORIA AOS CORTES DE SUBMINISTRACIÓNS

O Goberno central acordou non prorrogar a moratoria de cortes de subministracións en todos os fogares do Estado nunha decisión que pode conlevar consecuencias nefastas. Tras o Consello de Ministros celebrado o pasado 29 de setembro, anunciouse a ampliación temporal do chamado “escudo social”, unha serie de medidas excepcionais fronte á crise da COVID-19, pero que deixou fóra a garantía das subministracións de enerxía e auga. Esta medida, máis necesaria que nunca en plena pandemia, afecta a todas as persoas na súa vivenda habitual e deixará a miles de familias e á poboación máis precaria (migrantes, mulleres, mocidade e pensionistas) a expensas das compañías, que poderían iniciar unha vaga de cortes de subministracións.

A poboación máis vulnerable, que sufriu historicamente as peores consecuencias das crises dun sistema depredador da vida olla de novo como perante a actual situación da COVID queda completamente desprotexida fronte ao gran oligopolio enerxético. Un abandono que provoca a vulneración do dereito a unha vida digna, ao abastecementos de subministracións tan básicas como a auga, a electricidade ou unha temperatura adecuada nos seus fogares.

As organizacións e movementos sociais asinantes deste manifesto esiximos ao Executivo de Pedro Sánchez unha rectificación inmediata e que aprobe canto antes unha prórroga indefinida da prohibición de cortes no ámbito doméstico até que non se inclúa o principio de precaución na lexislación española en materia de pobreza enerxética. Pois consideramos insuficiente a nova categorización de consumidor vulnerable que establece o novo Real Decreto lei 30/2020.

De non atenderen estas peticións, suporía que outra vez as administracións públicas desenténdense das miles de familias vulnerables en todo o Estado que poderán sufrir cortes nos seus domicilios. Moitas delas viron o devalo dos seus ingresos mentres as súas facturas incrementáronse durante o confinamento (xa que as familias pasaron máis tempo nos seus fogares e as tarefas de coidado ou atención á enfermidade tamén requiren máis enerxía) e non están a poder facer fronte aos pagamentos.

Un feito que parece protexer en exclusiva ás comercializadoras que segundo elas enfróntanse a falta de pagamentos que “teñen que absorber” e que isto sería un problema xa que non poden deixar de facer fronte aos pagos do sistema eléctrico. Unhas afirmacións falsas xa que xeraron un sistema tarifario que lles protexe á conta de todas, proba diso é como estableceron fórmulas de autoprotección por exemplo, a forma de cubrir as perdas de enerxía que se producen por transporte, distribución, erros de medida e fraudes. Estas perdas, cifradas nunha media do 15% da enerxía que se produce, repártense entre as persoas usuarias, que abonan unha porcentaxe das mesmas dependendo da súa tarifa. Isto parece un “seguro por perdas” pagado polas persoas consumidoras; aínda que, tendo en conta que segundo a CNMC foise producindo un incremento da fraude nas súas diferentes modalidades, que custa uns 150 millóns de euros anuais aos consumidores e que principalmente proveñen de empresas e grandes consumidores, e en moita menor medida (aproximadamente o 1%) de vivendas. Ademais, moitos destes fogares, aínda tentando regularizar a subministración porque queren pagar as súas facturas, recibiron unha negativa respecto diso por parte das grandes compañías subministradoras.

A prohibición de cortes é unha medida mínima e é inaceptable que non se prorrogue. Recollida orixinalmente no Real Decreto-lei 8/2020, en xullo decidiuse ampliar a protección até o 30 de setembro e non foi renovado de novo. Aínda que, o Consello de Ministros de luz verde á extensión da cobertura do bono social eléctrico coa introducción de novos supostos, como xa foi manifestado en múltiples ocasións, o bono social é unha medida que non ofrece solucións reais ás persoas que padecen a pobreza enerxética, dado que moitas delas seguen sen poder facer fronte ás súas facturas, a pesar de contar cos correspondentes descontos. Ademais, non abrangue as facturas de gas nin de auga, medrando o grao de desprotección destas familias. Neste sentido, malia que se introduciu a figura do bono social térmico, a realidade é que se trata dunha dotación única anual moi reducida (entre 25 e 123,94€), suxeita a dispoñibilidade orzamentaria e á que moitas persoas, pese a realizar os trámites establecidos, non foi quen de acceder a día de hoxe.

Hai case un ano e medio, o Ministerio para a Transición Enerxética presentou a Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética 2019-2024, na cal se incluía o principio de precaución como unha das principais medidas a impulsar. Este consiste basicamente en impoñer ás compañías a imposibilidade de cortar calquera subministración até que a empresa non consulte a situación económica da familia afectada cos Servizos Sociais competentes e téñase a certeza de que non se trata dunha familia vulnerable..

As organizacións asinantes reclamamos que até que non se estableza de modo efectivo o principio de precaución na lexislación española en materia de pobreza enerxética, prorroguese de forma indefinida a prohibición de cortes no ámbito doméstico, máis aínda cando nos atopamos no medio dunha pandemia mundial e ás portas dunha gran crise social e económica.

Non deixar a ninguén atrás significa garantir as subministracións a todas as persoas e a todas as familias en plena pandemia. Non hai vivenda digna sen subministracións. Esiximos feitos e dereitos, non meras palabras.

ORGANIZACIONES QUE ASINAN:

Activat+45
AeioLuz Cooperativa
Afirmativa
Aigua és Vida
Alianza de Mareas y Mov. Sociales
Amigos de la Tierra
APE
Área de Acción Social de la Institución Teresiana España
Asamblea Agua Pública 10% Región Murciana
Asamblea Feminista de Madrid
Asoc Victimas de la Justicia Jurisdiccional
Asociación Cultivarte Occidente
Asociación de Bipolares de Asturias
Asociación de Cultura Popular Alborada (Gallur)
Asociación de Mujeres Campesinas de Asturias
Asociación de pensionistas de Gijón
Asociación Ecoserveis
Asociación Española de Educación Ambiental
Asociacion Vecinal Fuente de la Reja de Pegalajar
Associació Cultural Nou Barris Taller d' Idees
Asturies Feminista 8M
Asturies pol Clima
Ateneo Obrero de Gijón
Ateneu del Raval
ATTAC
Auzolanean Tolosa
Balears Diversa
Biziz Bizi

Campanya per una Justícia Fiscal - CV
Casa de Cultura y Participación Ciudadana de Chamberí
CCOO
CECU
CEDSALA

CGT
CIDES
Colectivo Parad@s Terrassa
Comisión Promotora Renta Garantizada de Ciudadanía
Coordinadora Bolivia unida contra el golpe de Estado
Coordinadora de Asambleas de trabajadores/as en paro de Cataluña
Coordinadora de ONGD del Principado de Asturias
Corriente Sindical d'Izquierda (CSI)
COSPA Pensionistas Avilés
CuervoZine
Dones d'Aigua de Terrassa
DonesCreients
Droit à l'énergie SOS FUTUR
Ecologistas en Acción
Ecologistas en Acción de la Comunidad de Madrid
Ecologistas en Acción La Rioja
Ecoloxistes n'Aición d'Asturies
Ecooo Revolución Solar
Ekologistak Martxan Bizkaia
El Atelier
EnAct
Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte
Erletxe. Oficina de Información y Agitación Social de Irun
Euskal Gune Ekosozialista - Espacio Ecosocialista Vasco

Facua
FAVB (Federació d'Associacions Veïnals de Barcelona)
Federación de Asociaciones de Vecinos de Oviedo (FAVO)
Federación de Vecinos de Gijón. FAV
Feministas por el Cambio Social
Feministas por el Clima
FETE. Federación Élite Taxi España
FRAVM
Fridays for Future Madrid
Fundación Ecología y Desarrollo
Green Cross España
Greenpeace
Iaiosflautasmorvedre/ Jóvenes Pensionista C.V

Icaria editorial
Intersindical Región Murciana
Jóvenes Pensionistas
Madres por el Clima
Manifiesto por el Socialismo
Marea Pensionista (COESPE)
Moceda pol Clima / Fridays For Future Asturias
Moviment per l'Aigua Pública i Democràtica a l'AMB (MAPiD)
Mugarik Gabe
MuniMadrid Diversidad Funcional
No Más Blocs (l'Hospitalet de Llobregat)
Observatori del Deute en la Globalització - ODG
ODS-Coia (Oficina Dereitos Sociais - Coia)
Pachakuti
Pacientes LMC
PAH

PAH Granollers
Pah Oviedo
Pensionistas de Móstoles
Pensionistas Siero
Pensionistas XLA DIGNIDAD SOCIAL
Pertsonala
Plataforma Antitérmica La Pereda
Plataforma Asturiana Contra la Contaminación Electromagnética/PACCEM
Plataforma Auxiliares de Ayuda a Domicilio Asturias
Plataforma Cantabria por lo Público
Plataforma Ciudadana Zaragoza sin Fractura
Plataforma Contra la Contaminación de Xixón
Plataforma contra la privatización del Canal de Isabel II (PCPCYII)
Plataforma de Pensionistas de Córdoba
Plataforma de Pensionistas de Dos Hermanas
Plataforma en defensa de pensiones públicas Estella
Plataforma Pensionistas Chamberí
Plataforma por la Salud y la Sanidad Pública Asturias
Plataforma por un Nuevo Modelo Energético
Plataforma por un Nuevo Modelo Energético - Nodo Cantabria
Plataforma Ur Publikoa de Bizkaia
Plataforma Vallecana XLA DIGNIDAD SOCIAL
Platoniq, Creatividad y Democracia
Pobresa Zero Comunitat Valenciana
Red Agua Pública (RAP)
Red de Agua Pública de Aragón
Red de Cuidados de Chamberí
Red de Mujeres por una Transición Energética Ecofeminista
Red Ecofeminista

Right to Energy Coalition
Salvemos ei Ega-Ega Bizirik
Sindicat co.bas comissions de base
Sindicat de Llogateres
Sindicato de Inquilinas e Inquilinos de Madrid
Sociedad Cultural Gijonesa
Solabria Cooperativa
Somos Tribu
STEI Intersindical
STEILAS
StopDesahucios Bidasoa
Taula d'entitats del Tercer Sector Social de Catalunya
Taula de l'aigua de Terrassa
Tertulia Cultural El Garrapiellu
TRADENER
Unión General de Trabajadores
UPLA-LA UNIÓN
URBIZI
USO
Visión Trans
Xarxa per la sobirania energètica
Xarxa Socialisme 21
XR Barcelona Rebel·lió per la Justícia Global
Yayoflautas Madrid
Zambra Málaga